

EDUCACIÓN PRIMARIA

Matemáticas

Primeiro ciclo

1. Aritmética.

- Sistema de numeración decimal: cifras e valor posicional.
- Os números naturais: significado, utilidade, lectura e escritura. Composición e descomposición.
- Funcións dos números: contar, medir, ordenar, etc.
- Relacións de orde (anterior/posterior, menor que, maior que, igual que, etc.).
- Os números ordinais.
- Clasificacións.
- Operacións con números naturais: adición e sustracción. Series.
- Estimación e cálculo aproximado. Cálculo mental. Automatización das operacións.
- Concepto intuitivo de multiplicación. Iniciación as táboas de multiplicar.

2. Xeometría.

- Aproximación intuitiva ó concepto de espacio, plano, recta e punto.
- Localización elemental de obxectos no espacio. Orientación, direccionalidade, distancia, desprazamento e xiros.
- Corpos e figuras xeométricas. Recoñecemento no entorno. Elementos básicos: lado, vértice, dominio interior, dominio exterior, fronteira.

3. Medida.

- As magnitudes e a súa medida. Instrumentos de medida convencionais e non convencionais:
 - Lonxitude. Modelos de medidas arbitrarias, antropométricas e a regra.
 - Capacidade. Comparación da cabida de recipientes de distintas formas e tamaños.
 - Tempo. Os períodos temporais. Lectura do reloxo.
 - Masa. Comparación de obxectos de distinta masa coa balanza.
- Identificacións e comparación de unidades principais do Sistema Métrico Decimal.
- Estimación de medidas das distintas magnitudes.
- Introducción ó sistema monetario: moedas e billetes de curso legal no noso país.

4. Representación da información.

- Recollida, relato e representación de datos. Utilización de estratexias persoais.
- Interpretación de gráficas sinxelas relacionadas coa vida cotiá.

5. Actitudes, valores e normas.

- Curiosidade e interese pola exploración de materiais e obxectos diversos e polo significado dos códigos matemáticos.
- Tenacidade e perseveranza na busca de solucións dun problema.
- Adquisición de hábitos de orde e limpeza no manexo de materiais e na presentación de traballos.
- Recoñecemento e valoración da presentación ordenada e clara dos cálculos e resultados.
- Curiosidade e interese por identificar formas xeométricas no seu medio.
- Considera-lo erro como un estímulo para novas iniciativas.
- Respecto e colaboración cos compañeiros do seu grupo e demais membros da comunidade.
- Responsabilidade nas iniciativas e tarefas encomendadas.

Segundo ciclo

1. Aritmética.

- Sistema de numeración decimal: cifras, equivalencias e valor posicional.
- Os números naturais: lectura e escritura. Composición e descomposición.
- Funcións: contar, medir, ordenar, etc.
- Relacións de orde: anterior/posterior, menor que, maior que, igual que, etc.
- Os números ordinais.
- Operacións con números naturais: adición, sustracción, multiplicación e división. Series.
- Estimación e cálculo aproximado. Cálculo mental. Automatización dos algoritmos.
- Concepto de fracción. Iniciación ó número decimal.
- Uso da calculadora.

2. Xeometría.

- Localización precisa de elementos no plano e no espacio. A cuadrícula, cadros de dobre entrada. Elaboración e interpretación de croquis e planos sinxelos.
- Figuras xeométricas. Elementos básicos: lado, vértice, diagonal, ángulo e eixe de simetría. Clasificación.
- Corpos xeométricos. Elementos básicos de poliedros: caras, vértices e arestas.

3. Medida.

- As magnitudes e a súa medida: lonxitude, capacidade, masa, tempo e superficie. Paso de unidades arbitrarias ás unidades do sistema métrico decimal.
- Unidades principais do Sistema Métrico Decimal e equivalencias.
- Instrumentos de medida e o seu uso.
- Estimación de medidas das distintas magnitudes.
- sistema monetario. Unidade principal. Múltiplos e submúltiplos da unidade principal. Equivalencias.

4. Representación da información.

- Recollida, ordenación e reconto de datos. Construcción de táboas: frecuencia absoluta.
- Realización e interpretación de gráficas sinxelas: pictogramas e diagramas de barras.

5. Actitudes, valores e normas.

- Curiosidade e interese pola exploración de materiais e obxectos diversos e polo significado dos códigos matemáticos.
- Tenacidade e perseveranza na busca de solucións dun problema.
- Confianza nas propias capacidades para a resolución de problemas usando estratexias persoais.
- Adquisición de hábitos de orde e limpeza no manexo de materiais e na presentación de traballos.
- Recoñecemento e valoración da presentación ordenada e clara dos cálculos e resultados.
- Curiosidade e interese por identificar formas xeométricas no seu medio.
- Valoración da expresividade da linguaxe gráfica como forma de representar datos.
- Considera-lo erro como un estímulo para novas iniciativas.

- Respecto e colaboración cos compañeiros do seu grupo e demais membros da comunidade.
- Responsabilidade nas iniciativas e tarefas encomendadas.
- Valoración do uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aprendizaxe das matemáticas.

Terceiro ciclo

1. Aritmética.

- Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal.
- Os números naturais e as súas operacións: propiedades e relacións.
- Estimación e cálculo aproximado de resultados de operacións.
- Cálculo mental: uso das propiedades numéricas e dominio de operacións. Automatización dos algoritmos.
- Inicio á divisibilidade. Múltiplos e divisores. Números primos e números compostos.
- Iniciación á potenciación.
- A numeración romana.
- A fracción e o número decimal: propiedades e operacións. Correspondencia: números decimais-fraccionarios.
- Uso da calculadora.

2. Xeometría.

- Identificación precisa de conceptos e relacións no plano. Coordenadas cartesianas. Elaboración e interpretación de croquis, planos e mapas.
- Posición de rectas e circunferencias. Ángulo e rexión angular. Simetrías.
- Figuras xeométricas planas. Elementos, relacións e clasificacións. Regularidades e simetrías. Perímetro e área.
- Corpos xeométricos. Elementos, relacións e clasificacións. Regularidades e simetrías.
- Instrumentos de debuxo e medida.

3. Medida.

- As magnitudes e a súa medida: lonxitude, capacidade, masa, tempo, superficie e volume.

- Unidades do Sistema Métrico Decimal. Equivalencias e relacións.
- Instrumentos de medida e utilización dos mesmos.
- Amplitude e a súa medida. Unidade. Uso do transportador.
- Estimación de medidas das distintas magnitudes expresadas nas súas magnitudes máis usadas.
- As distintas medidas tradicionais de Galicia e a súa equivalencia coas do sistema métrico decimal.
- Sistema monetario. Utilidade e relacións matemáticas.

4. Representación da información.

- Recollida e clasificación de datos cualitativos e cuantitativos non agrupados.
- Construcción de táboas: frecuencia absoluta e relativa. Iniciación intuitiva ás medidas de centralización (media aritmética e moda).
- Realización e interpretación de gráficos sinxelos: diagramas de barras, poligonais e sectoriais.
- Iniciación ó azar. Carácter aleatorio dalgúns experiencias.

5. Actitudes, valores e normas.

- Curiosidade e interese pola exploración de materiais e obxectos diversos.
- Tenacidade e perseveranza na busca de solucións dun problema.
- Valoración da linguaxe matemática e interese pola súa utilización.
- Confianza nas propias capacidades para a resolución de problemas usando estratexias persoais.
- Costume de expresa-lo resultado dos problemas coas unidades de medida correspondente.
- Valoración do uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aprendizaxe das matemáticas.
- Adquisición de hábitos de orde e limpeza no manexo de materiais e na presentación de traballos.
- Recoñecemento e valoración da presentación ordenada e clara dos cálculos e resultados.
- Curiosidade e interese por identificar formas xeométricas no seu medio.
- Valoración da expresividade da linguaxe gráfica como forma de representar datos.
- Considera-lo erro como un estímulo para novas iniciativas.

- Respecto e colaboración cos compañeiros do seu grupo e demais membros da comunidade.
- Responsabilidade nas iniciativas e nas tarefas recomendadas.